



Programa de capacitación para a futura xeración de líderes en ciberseguridade

(Industrial) CyberSecurity Next Gen Leaders

INSCRIPCIÓN

(Sesión II) Santiago de Compostela, 12 de maio de 2026

(Industrial) CyberSecurity Next Gen Leaders



Por que un programa de capacitación en ciberseguridade?



No mundo hiperdixitalizado, a ciberseguridade ten cada vez un impacto máis directo na estratexia e na operativa dos negocios e empresas, en calquera sector de actividade e independentemente do seu tamaño, volume de empregados, etc. A **protección dixital**, a necesidade de garantir entornos de traballo protexidos, robustos, confiables, e polo tanto sostibles, escala posicións e **xa se sitúa entre as prioridades das decisións ao máis alto nivel nas organizacións.**

En atención a este desafío, e coa mirada posta en preparar á próxima xeración de profesionais que terán o cometido de salvar a fenda entre os obxectivos empresariais e a seguridade técnica na Industria 4.0., ECOBAS celebra este programa de capacitación en colaboración coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, AMTEGA.

Despois da primeira sesión, completaremos o total de catro horas lectivas o vindeiro 12 de maio, data en que abordaremos o reto dende unha perspectiva práctica, traballando con escenarios simulados de ciberataque, nunha formación que se tornará imprescindible para as persoas que aspiren a liderar organizacións seguras, rentables e competitivas.

Non precisas coñecemento técnico previo. E se non puides asistir á primeira sesión, non te preocupes. Garantizamos que saíras deste obradoiro cunha idea moi precisa do que significa liderar un proxecto empresarial no mundo actual, onde o dixital deixou de ser opcional.



Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, USC - Aula 13
Avda. Burgo das Nacións, s/n - Santiago de Compostela



(Industrial) CyberSecurity Next Gen Leaders



AXENCIA PARA A
MODERNIZACIÓN
TECNOLÓXICA DE GALICIA



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU

Sesión II

Martes 12 de maio 2026 · De 13:00 a 15:00 h

Capacitación práctica e simulación co equipo DLTCode, formadores das forzas e corpos de seguridade do Estado.

Metodoloxía *Learning by Doing*: uso intensivo de ferramentas avanzadas para a toma de decisións.

Exercicios *Role Play*: o alumnado participará en simulacións de crise onde deberá xestionar un ciberataque simulado, enfrontándose a dilemas financeiros e operativos. Deberán avaliar a situación e tomar decisións: deter a produción para securizar? Ou asumir os riscos para cumprir tempos e continuar coa actividade?

INFORMACIÓN PRÁCTICA:

- Persoas destinatarias: alumnado de Grao, Mestrado e/ou Doutoramento da UDC, da USC e da UVigo
- Para o correcto aproveitamento da sesión, é moi recomendable levar un **ordenador portátil** para empregar durante a clase.
- Matrícula: gratuíta.
- Formato: exclusivamente **presencial**
- Certificado de participación para o alumnado que complete o total de catro horas lectivas deste programa.
- Solicita a túa [INSCRICIÓN AQUÍ](#)



Financiado por
la Unión Europea
NextGenerationEU



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
PARA LA TRANSFORMACIÓN DIGITAL
Y DE LA FUNCIÓN PÚBLICA



SECRETARÍA DE ESTADO
DE TELECOMUNICACIONES
E INFRAESTRUCTURAS DIGITALES



Plan de
Recuperación,
Transformación
y Resiliencia

Estudio de amenazas ambientales globales y diagnósticos empresariales

CIBERECO

incibe

INSTITUTO NACIONAL DE CIBERSEGURIDAD